

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
04 xuño 2017 Pentecoste

PENTECOSTE: O Espírito ponnos en marcha. Conta máis con El e déixate mover por El.

1. VER: Remata a Pascua, vén o motor

- **Hoxe apagamos o cirio pascual** que acendiamos na vixilia pascual e que nos recorda a Cristo resucitado, vivo e presente entre nós. Con “Pentecoste” acábanse os 50 días de Pascua.
- **Os coches necesitan un motor** que os impulse, que o faga correr.

*Como celebrastes a Pascua?
Que recordades das aparicións de Xesús, dos evanxeos dos domingos?
Que tedes aprendido?*

2. XULGAR: Xesús regálanos o Espírito Santo

- No evanxeo de hoxe , festa do Espírito Santo, nárrasenos unha das aparicións de Xesús aos apóstolos despois de resucitar, dándolles a paz e enchéndoos de ledicia. Logo envíaos polo mundo dicíndolles: **“Recibide o Espírito Santo”**.

QUE NOS QUERE DICIR?

- 1.- **O Espírito Santo é o motor da Igrexa:** Apareceu como pomba e pousouse sobre Xesús no seu **bautismo** e acompañouno sempre para ter forza para facer a vontade de seu Pai. En **Pentecoste** o Espírito empuxa os apóstolos á rúa e éncheos de ledicia e valor para anunciar a resurrección de

Xesús. Na **primitiva igrexa** o Espírito descende sobre eles e axuda as comunidades a querer a Xesús e a serlle fieis. Vive **hoxe** nos nosos corazóns e fortalécenos.

2.- O Espírito é lume, vento e pomba: É a 3ª persoa da Stma. Trindade e representámolo como **lume** que enche de luz e calor o noso corazón, como **vento** forte que nos empuxa con forza para ser amigos de Xesús e como unha **pomba** que nos trae a paz de Deus.

3. O Espírito recibíste-lo no bautismo e na confirmación.

Fainos amigos de Xesús. Dános a forza para ser bos e axudar aos demais. Lévanos a perdoarnos. Axúdanos a comprender o que Xesús nos dixo. Logra que Deus viva no noso corazón. Fainos fillos e fillas de Deus e invítanos a chamar a Deus Pai. Énchenos o corazón de amor.

Rezas ao Espírito Santo?

4. ACTUAR: Cuenta con él, déjate mover por él

- **Acórdate** máis do Espírito Santo. Rézalle con esas oracións coñecidas: Polo sinal, Gloria ao Pai, Credo, Gloria ...
- **Facede un cartel** representando ao Espírito Santo como lume, vento e pomba. Tamén podedes debullar os seus 7 dons.

Que imos facer?

4-xuño-2017 - Pentecoste-A

LECTURAS

FEITOS 2,1-11:

Enchéronse todos do Espírito Santo e empezaron a falar.

SALMO 103:

Envía o teu Espírito, Señor, e renova a face da terra.

1 CORINTIOS 12, 3b-7. 12-13:

Fomos bautizados nun mesmo Espírito, para formar un só corpo.

XOÁN 20, 19-23:

Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu; recibide o Espírito Santo

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: -«**Paz convosco**».

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: -«*Paz convosco. Como o Pai me enviou, así **tamén vos envío eu***».

Narrador: E, dito isto, soprou sobre eles e díxolles:

Xesús: -«**Recibide o Espírito Santo;** *aos que lles perdoedes os pecados, quédanlle perdoados; aos que llelos reteñades, quédanlles retidos*».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús).